

RESUMO DA ORDE DE COMISIÓNS POR CONCILIACIÓN FAMILIAR

A FeSP-UGT ofrécenos un Resumo da ORDE *do 23 de febreiro de 2018 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral.*

Prazo de presentación: 23 maio- 5 de xuño ambos incluídos

TIPOS DE COMISIÓN

* TIPO 1: 1 fillo/a menor de 4 anos

* TIPO 2: 2 fillos/as menores de 6 anos

* TIPO 3: 3 fillos/as menores de 12 anos

TIPOS DE COMISIÓN PARA FAMILIA MONOPARENTAL

* TIPO 1: 1 fillo/a menor de 8 anos

* TIPO 2: 2 fillos/as menores de 10 anos

* TIPO 3: 3 fillos/as menores de 16 anos

QUEN A PODE SOLICITAR?

* Funcionarios de carreira

* Funcionarios en prácticas

* Aprobados no concurso-oposición 2018

* Persoal laboral docentes

* Interinos

IMPORTANTE!!!:

- A idade compútase a 31 de decembro de 2017.
- Pódese solicitar con embarazo a termo final antes de marzo de 2019.
- No caso de adopción/acollemento a idade computarase desde a resolución xudicial ou administrativa.

Outros requisitos

- Ter destino definitivo (se é o caso) a **máis de 60 km** da localidade de residencia.
- Ter participado no CXT (tendo solicitado a/as localidade/s que se pide na comisión)
- Se ambos cónxuxes son docentes, só pode solicitar a comisión un deles.
- Se hai custodia compartida poden pedir a comisión os dous proxenitores..

Como se fai a solicitude?

A través da aplicación: www.edu.xunta.es/cadp

Só se pode entregar por vía telemática, na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Serve calquera mecanismo de sinatura electrónica aceptado, incluída a CHAVE 365.

Peticións

Debes pedir todos os centros que están nun radio de 20 km da túa localidade de residencia (centros penitenciarios, de adultos e de xornada partida son voluntarios).

Documentación que hai que presentar:

EN TODO CASO: Copia do libro de familia.

SE É O CASO: - Informe médico con data posible de alumbramento.
- Sentenza xudicial de custodia compartida.
- Resolución xudicial de adopción.

** Non será necesario presentar documentación se xa foi entregada en anos anteriores, non se modificaron os datos e dando consentimento á Consellería.*

Orde de prioridade

1. As comisións de saúde son prioritarias ante as de conciliación.

2. Dentro das comisións de conciliación a orde prioritaria é: tipo III, tipo II e tipo I

3. E dentro de cada grupo valórase: en primeiro lugar, antigüidade como funcionario, antigüidade no centro e por último, puntuación obtida no concurso-oposición; de xeito que se concede destino primeiro ás concilia con comisión de saúde, concilia con comisión por coidado de familiar, funcionarios de carreira, funcionarios en prácticas e interinos.

Obriga de realizar dúas solicitudes:

Os funcionarios de carreira en expectativa de destino, funcionarios en prácticas, os que superen o proceso de concurso - oposición 2018 e persoal interino que soliciten concilia, cubrirán tamén no prazo ordinario a aplicación do CADP.

Sindicato Nacional de Ensino Público